

## **Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos**

### **Índice de contidos:**

1. Introducción
2. Unidades mínimas de estudo semántico
  - 2.1. Unidades de só significado: sema e semema
  - 2.2. Unidades de significante e significado: lexema
3. Denotación e connotación
4. O campo semántico
5. As relacións semánticas
  - 5.1. Relacións entre significados
    - 5.1.1. De incompatibilidade: antonimia e paronimia
    - 5.1.2. Relacións de inclusión: hiponimia, hiperonimia, cohiponimia e meronimia
  - 5.2. Relacións entre significantes e significados: sinonimia, polisemia e homonimia
6. O cambio de significado. Tabú, eufemismo e disfemismo

## 1. Introducción

As linguas naturais son, como sabes, sistemas de signos creados coa finalidade de transmitir información de maneira intencionada. Neste proceso, interveñen tradicionalmente emisor e receptor, que intercambian unha mensaxe cun código compartido. Pois ben, centrándonos na mensaxe, a través da análise do signo lingüístico sabemos que se poñen en marcha asociacións inmediatas entre o que se di ou escribe (significante) e o que se quere transmitir (significado), mantendo unha relación co elemento da realidade extralingüística ao que se fai alusión (referente).

Na presente unidade, trataremos de estudar este proceso de significación que se produce no propio signo lingüístico aprofundando no estudo da relación de significante e significado, e deixando á marxe o significado referencial.



A parte da gramática que se encarga do estudo xeral do significado é a semántica. A semántica, no terreo lingüístico, céntrase de maneira preferente na análise das palabras (unidades, polo tanto, da primeira articulación). O estudo do significado das palabras realízase desde dous ámbitos:

A semántica lexical ou lexicoloxía: estuda o significado léxico. Analiza as palabras tendo en conta os morfemas léxicos (lexemas), que son os que presentan o contido significativo propiamente, e as relacións que se producen entre eles (a través de conceptos como campo lexical ou semántico). É a parte da semántica que veremos na presente unidade.

A semántica gramatical: estuda o significado gramatical. Analiza o significado dos morfemas gramaticais e as relacións que se establecen entre estes. Manéxase información relacionada co xénero, o número, o tempo, o modo, o aspecto, etc. Esta parte da semántica adoita relacionarse directamente cos procesos de formación das palabras (que entran no terreo da morfoloxía), que xa vimos, motivo polo que non a atenderemos nesta unidade.

Cómpre comentar que existe unha forte vinculación entre a semántica e as restantes disciplinas gramaticais (morfoloxía, sintaxe...) en tanto que o obxecto de estudo de cada unha delas non se pode desvincular da súa compoñente significativa. Tamén é preciso engadir que a semántica utiliza tanto significados lingüísticos estritos como léxicos ou extralingüísticos (cuxos lindeiros, por outra parte, non son doados de determinar). Ademais, resulta moi complexo establecer un método de análise eficaz para sistematizar rigorosamente o significado. Estes argumentos serviron para que moitas veces se dubidase do carácter disciplinario da semántica, algo que hoxe está fóra de toda dúbida.

### Lembra que...:

En temas anteriores estudamos a estrutura e a formación das palabras, e vimos que estas están formadas por morfemas; entre eles, os morfemas léxicos ou lexemas, que son os que

lles proporcionan ás palabras o seu contido significativo (significado referencial, aquel que remite á realidade extralingüística).

Os lexemas presentan o significado central, que é común a todas as palabras da mesma *familia léxica*. Este significado atópase nos substantivos, adxectivos e nos verbos: **neno**, **nenez**; **pan**, **panadeiro**, **empanar**.

## 2. Unidades mínimas de estudo semántico

As unidades mínimas que utiliza a disciplina semántica poden ser clasificadas en dous grupos, segundo estas estean compostas por significante e significado, ou unicamente por significado.

### 2.1. Unidades de só significado

**Sema:** trazo mínimo de significado que posúen os lexemas. Son trazos distintivos porque permiten diferenciar o significado dun lexema doutro.

Exemplo: os semas que constitúen o significado da palabra *sofá* poden ser 'asento', 'con respaldo', 'non para unha persoa', 'con brazos', 'con patas', 'non feito de material duro', 'non baixo'.

Se pensamos noutro tipo de asento similar ao sofá, como a *poltrona*, temos os seguintes semas: 'asento', 'con respaldo', 'para unha persoa', 'con brazos', 'con patas', 'non feito de material duro', 'baixo'.

Como podes comprobar, a diferenza de *sofá*, a *poltrona* posúe dous semas distintos ('para unha persoa' e 'baixo'), que son os que nos permiten distinguir as dúas palabras.



**Semema:** conxunto de todos os semas que se asocian a un lexema. Son o conxunto de trazos que permiten recoñecer o significado dun lexema. No exemplo anterior, sinalamos todos os semas que definen tanto o *sofá* como a *poltrona*, que constitúen os sememas de cada palabra.

## 2.2. Unidades de significante e significado

**Lexema:** é a mínima unidade sgnica, dotada de significado e de significante. É unha unidade básica (como o fonema para a fonoloxía, por exemplo). É o resultado da unión dun semema cun significante.

Así, a palabra *sofá* constitúe un lexema desde o momento en que o significante /sofá/ ten asociado os sememas antes sinalados.

## 3. Denotación e connotación

A **denotación** é o significado obxectivo ou *recto* dunha palabra, sen ningún complemento valorativo, afectivo ou sentimental. Por exemplo, a palabra *ondadas* significa denotativamente 'sucesión continuada de ondas no mar', ou 'onda de gran tamaño'. A denotación é propia da linguaxe científica, e mesmo de todas aquelas linguaxes que procuran obxectividade, precisión e neutralidade, como a xurídica, a matemática, a informática, etc.



Blanca Alberdi (óleo)

Acontece que as palabras se integran nas estruturas sociais e culturais das sociedades que as adoptan. Así, á parte do significado recto con que se crean ou reciben, as palabras van adquirindo asociacións de significado adicionais de carácter subxectivo, cultural, ideolóxico, etc., que dan lugar a variantes en función das circunstancias sociais de uso (carácter diastrático), os trazos de procedencia dialectal (carácter diatópico) e os rexistros lingüísticos (carácter diafásico). Estas asociacións que entran a formar parte do significado das palabras reciben o nome de **connotacións**. A connotación, pois, é o significado valorativo que adquiren as palabras por asociación cun determinado sentimento, recordo ou experiencia.

As connotacións dunha palabra poden ser persoais en tanto que unha persoa asocia unha palabra determinada con algún elemento positivo ou negativo en función da súa propia experiencia. Por exemplo, para un *surfeiro* o concepto de *ondada* pode asociarse con 'deporte', 'oportunidade de acadar un reto', etc., mentres que para un mariñeiro pode significar 'perigo', 'día sen traballo', etc.



A connotación non é exclusiva da linguaxe natural, senón que tamén é propia da linguaxe literaria, especialmente da poética, e de todos aqueles textos en que adquira un papel relevante a subxectividade, como os diarios, as cartas persoais, as mensaxes publicitarias, etc. Por exemplo, é frecuente o uso das *ondas do mar* como elemento de connotación nas cantigas medievais de Mendiño, Martín Codax, Paio Gómez Chariño e Xoán Zorro. Repara na famosa cantiga medieval “Ondas do mar de Vigo”, de Martin Codax, en que percibimos unha asociación das ondas do mar como elemento próximo á protagonista, de acordo co cal o mar se converte en confidente:

*Ondas do mar de Vigo,  
[Decídeme] se vistes meu amigo?  
(...) e, aí Deus!, se virá cedo?*



E outros exemplos en que as ondadas reflicten o estado de ánimo da muller, na cantiga de Mendiño:

*Sedfame eu na ermida de San Simón  
E cercáronme as ondas, que grandes son.  
(...) eu atendendo o meu amigo. E virá?*

As connotacións dependen tamén do contexto de enunciación. A palabra *ondada*, por exemplo, pode adquirir trazos negativos ou positivos en función do momento en que se enuncie. Así, nun contexto de verán, de praia, de deportes de risco, pode adquirir unha carga positiva porque resulta favorable para as expectativas do lecer; no contexto de inverno, por exemplo, pode representar perigo se se asocia cun temporal.



A connotación é un fenómeno que pode estar compartido cunha ampla validez social porque son aceptados por amplos sectores sociais e mesmo por unha comunidade de falantes. Así, os nomes de animais como a *serpe* poden asociarse co sixilo e co perigo; o *lobo* coa fereza; o *corvo* coa mala sorte; a *pomba* coa paz; a *formiga* co traballo, etc. Estas connotacións xeneralizadas reciben o nome de **estereotipos**.




Os estereotipos cambian co paso do tempo a canda as propias ideas dunha sociedade aínda que, nalgúns casos, poden continuar transmitindo ideas xa non aceptadas por estenderen erroneamente fortes cargas de rexeitamento, distanciamento, xenofobia ou racismo, sexismo, etc, non apropiadas. Por exemplo, expresións do tipo *traballa coma un negro*, *engana coma un chino*, etc.

#### 4. O campo semántico

Recibe o nome de *campo semántico* aquel conxunto de palabras que comparten trazos semánticos ou semas. Dito doutro xeito, pertencen ao mesmo campo semántico todas as palabras que posúan unidades significativas mínimas comúns, sen que sexa necesario que estean formadas polos mesmos morfemas.

Por exemplo, o campo semántico *medios de transporte* estaría formado por todos os elementos que teñan como trazo compartido 'tipos de vehículos que permiten ou facilitan o transporte'. A partir desta característica común, os elementos que conforman o campo semántico distinguiríanse por trazos diferenciadores como 'acuático', 'aéreo', 'terrestre', 'anfíbio', 'tipo de propulsión', 'existencia de motor', 'existencia de rodas', etc. Ao se combinaren estes semas, poderíamos recoñecer os distintos elementos: coche, avión, barco, carro, etc.



En xeral, son unidades léxicas entre as que existe a posibilidade de elección nun punto determinado da cadea falada. Por exemplo, “o paquete pode ser transportado en...” (todos os elementos que entren nese punto pertencen ao campo semántico dos medios de transporte).

Unha mesma palabra pode participar en diversos campos semánticos. Así, pensemos en que a palabra *cadeira* pode pertencer ao campo semántico de *asento*, de *obxectos de cociña*, de *partes do corpo*, etc.

Un campo semántico pode incluírse noutros campos de nivel superior. Por exemplo, o campo semántico dos *mamíferos* pode incluírse no campo semántico dos *animais*, e este á súa vez no campo semántico dos *seres vivos*.

Segundo o significado, é moi frecuente que os campos semánticos se distingan en dous tipos: campos semánticos substantivos e campos semánticos relacionais. Pertencen a un campo semántico substantivo aquel conxunto de palabras que se relacionan polas propiedades que manifestan en si mesmo os obxectos. Por exemplo, o campo semántico das cores, dos animais, das plantas, etc.

Pertencen ao campo semántico relacional aquel conxunto de palabras cuxa existencia se define por oposición a outras palabras do mesmo campo semántico. Por exemplo, pensemos nos días da semana: o *luns* non sería un día da semana en si mesmo se non fose porque existe entre *martes* e *domingo*; existe *xoves* porque existe *mércores* e *venres*, etc. O mesmo pasa con campos como os nomes de parentesco (existe un *fillo* ou unha *filla* porque se define en relación co *pai* ou a *nai*); existe un *sobriño* ou *sobriña* porque se define en relación co *tío* ou *tía*, etc.

## 5. As relacións semánticas

Nos campos semánticos, existen grupos de palabras que manteñen entre si algún tipo de relación, establecida esta por criterios de significante e de significado, ou unicamente por criterios de significado, tal e como vemos no seguinte esquema:

Relación entre significados:

Incompatibilidade: antonimia e paronimia

Relacións de inclusión: hiponimia, hiperonimia, cohiponimia e meronimia

Relacións entre significantes e significados:

Sinonimia

Polisemia

Homonimia

Vexámolas en detalle:

## 5.1. Relacións entre significados

### 5.1.1. Relacións de incompatibilidade

#### Antonimia

A antonimia é un tipo de relación semántica que marca a incompatibilidade entre dúas ou máis palabras por razóns de significado. Un termo, pois, supón a exclusión do outro. Son antónimas, pois, as palabras que presentan significados opostos ou contrastados: alegría / pena, frío / quente, novo / vello, etc.

Os antónimos poden ser *léxicos* se se opoñen dúas palabras distintas (os vistos ata o momento), ou *gramaticais*, cando a antonimia se forma por prefixación con valor negativo ou privativo (*facér – desfacer, móbil – inmóbil*). Os prefixos máis habituais na formación de antónimos son *in-*, *des-*, *dis-*, *a-* e *anti-*.

A *antonimia perfecta* aparece cando a existencia dunha palabra provoca a asociación inmediata da outra oposta pola súa ausencia: *alto / baixo, esquerda / dereita, par / impar*, etc. (A implica non B; non B implica A).

A *antonimia gradual* aparece cando a oposición se produce entre palabras situadas nunha escala ou gradación: *frío / quente*, relación que se mantería nunha escala do tipo (*xeado, frío, fresco, natural, morno, quente, fervente*), *grande / pequeno* (na escala *minúsculo, pequeno, normal, grande, enorme, inmenso*).

Fálase de *antonimia recíproca* ou de *inversión* cando a presenza dunha palabra supón necesariamente a existencia do seu contrario, nunha relación recíproca: *pai / fillo, avó / neto, gañar / perder, vender / comprar*, etc. (se A é fillo de B, isto implica que B é pai de A; se eu vendo, alguén me compra e, se eu compro, alguén me vende).

Existen relacións de *antonimia contextual* en que a oposición non se dá máis ca en contextos determinados, como é o caso de *verde / maduro* referido a froita, *branco / tinto* referido a viño, *magro / graxo* referido a alimentos, *verde / vermello* referido aos semáforos, etc.





## Paronimia

Os parónimos son aquelas palabras que presentan un son moi parecido pero que posúen significados diferentes: *esterno* ('óso') *externo* ('exterior'), *vieira* ('molusco') / *vieiro* ('camiño'), etc. Son moi comúns no galego os parónimos que se distinguen pola oposición entre as vogais medias (e, o) abertas ou pechadas: *bóla* / *bola*, *pé* / *pe*, etc.



### 5.1.2. Relacións de inclusión

Os significados poden relacionarse polo xeito en como uns lexemas conteñen o significado doutros. Este tipo de relacións permite pensar que o léxico dunha lingua pode ser estruturado ou organizado semanticamente a través dos criterios de contraste (ou oposición) e de inclusión (xerarquía). Vexámolo:

#### Hiponimia e hiperonimia

A *hiponimia* é a relación de significado entre un lexema máis específico, ou subordinado, e outro máis xeral, ou superordenado. O lexema subordinado chámase *hipónimo*; o lexema superordenado é o *hiperónimo*.


Neste tipo de relación cúmprese que A será hipónimo de B (que actúa de hiperónimo) se se cumpre que todos os A son B, mais todos os B non son A. Por exemplo, na parella de palabras *rosa* e *flor*, temos que *rosa* é o hipónimo de *flor* (que actúa de hiperónimo) porque todas as *rosas* son *flores*, pero non todas as *flores* son *rosas*.



#### Cohiponimia

Un hiperónimo, normalmente, engloba máis dun hipónimo. A relación que se establece entre hipónimos dun mesmo hiperónimo denomínase *cohiponimia*. Dise que dous hipónimos dun mesmo hiperónimo son *cohipónimos*.

Desenvolvendo o exemplo anterior, temos que ao hiperónimo *flor* lle corresponden tantos hipónimos como tipos de flores desexemos incluír na relación. Pois ben, o conxunto de hipónimos que sinalamos manteñen entre si unha relación de cohiponimia.



### Meronomia

A meronomia designa a relación que se establece entre lexemas que conectan a través dunha relación de proximidade de tipo parte – todo, continente – contido, etc. Por exemplo, *brazo – corpo*, *roda – bicicleta*, etc. Tamén existe meronomia naquelas relacións que se producen entre obxectos denominados polo material de que están feitos, termo que substitúe o propio obxecto. Por exemplo, *merquei unhas madeiras para facer unha mesa* (cando o que se precisa son táboas e listóns de madeira).

## 5.2. Relacións entre significantes e significados

### Sinonimia

A sinonimia é a relación que se establece entre significantes e significados de acordo coa cal para un mesmo significado lle corresponden significantes distintos pero pertencentes á mesma clase de palabras lexemáticas. Dito doutro xeito, son sinónimos aquel grupo de palabras que, sendo distintas, teñen un mesmo significado.

Por exemplo, ao significado ‘cabeza dos porcos’ correspóndelle *cabeza*, *cacheira*, *cachucha* e *cachola*; para designar o significado ‘folla do piñeiro’ podemos utilizar os significantes: *arume*, *candea*, *charamela*, *esca*, *fiúza*, *fronde*, *frouma*, *gulla*, *lesta*, *penica*, *pica*, *pluma*, *ramada*, *rama* ou *ramaxe*; para ‘marxe do río’, *beira*, *bordo*, *marxe*, *ourela*, etc.

Existen dous tipos de sinónimos:

*Sinónimos absolutos* ou *totais*: son aqueles que posúen exactamente o mesmo significado denotativo e connotativo, é dicir, que resultan intercambiabes en todos os contextos. Non é frecuente que se atopen sinónimos totais, e tan só se recoñecen algúns nas terminoloxías científicas e técnicas, como *altímetro* / *hipsómetro* ou *computadora* / *ordenador*.

*Sinónimos parciais*: son aqueles que só presentan exactamente o mesmo significado unicamente nunha determinada acepción, non en todas, polo que non son intercambiabes. *Bafo* e *alento* son sinónimos na acepción de ‘aire que se expira pola boca’, pero non como ‘vapor procedente da condensación’. Por isto, non se podería intercambiar en todos os exemplos:

*Quedou sen alento polo esforzo*

*Quedou sen \*bafo polo esforzo*

Tamén son obxecto de relacións sinonímicas aquelas palabras que significan o mesmo por razóns dialectais. Existen casos frecuentes de palabras distintas que se

utilizan dialectalmente para referirse á mesma realidade ou concepto. Por exemplo, é moi común en nomes de animais e utensilios. Por exemplo, *hórreo* e *canastro* para referirse a ‘construción destinada a gardar e secar o millo’, ou *parrocha*, *xoubiña* e *xouba* para referirse á ‘sardiña de pequeno tamaño’.

A existencia de sinónimos tamén é moi corrente dependendo do rexistro ou nivel de lingua que empreguemos. Así, un sinónimo pode ser propio da linguaxe formal ou técnica, mentres que outros poden utilizarse en contextos menos formais de uso comunicativo. Por exemplo, o uso de *alopecia* para referirse a *calvicie*; o uso de *cabeza* fronte a *cachola* ou *cachamúa*; o uso de *cúspide*, *cima* ou *cumio* sobre *cabezo*, *cume*, *pico*, *bico*, *curuto*, etc.

Os sinónimos tamén se poden utilizar cando queremos explotar estilisticamente cada unha das palabras en función da nosa intención comunicativa. Así, por exemplo, existen palabras cargadas de contidos meliorativos, que valoran positivamente a realidade, como *falador* ou *falangueiro*, fronte a outros que resultan despectivos como *lingoreteiro*, etc.

Os sinónimos poden presentar diferenzas de matiz ou intensidade porque presentan máis forza expresiva ca outros, ou pequenas diferenzas significativas: calor → bochorno → fogaxe.

Historicamente, a diglosia en Galicia provocou que os termos que entraron a través do castelán fixesen moitas veces esquecer os termos autenticamente galegos, ou que o seu significado se restrinxise a elementos máis específicos como por exemplo *bágoa* – *lágrima*, *beizo* – *labio*, *billa* – *grifo*, *vasoira* – *escoba*, etc.

### Polisemia

É a relación semántica de acordo coa cal a un mesmo significante lle corresponden varios significados, relacionados entre si dalgunha maneira.

1. O merlo tiña rota a **á** dereita.
2. As oficinas están na **á** esquerda do edificio.
3. Unha **á** do exército dirixiuse cara ao norte.
4. Eles pertencen a **á** máis moderada do partido.

A polisemia explícase porque un mesmo significante vai adquirindo ao longo da historia ampliacións diferentes de significado. Outro exemplo témolo no caso de *ollo*: ‘órgano da vista’ → ‘buraco da agulla’ → ‘espazo aberto no arco dunha ponte’ → ‘buraco nalgunha ferramentas’ → ‘abertura que hai nos fechos para meter a chave’ → ‘buraco na moa dos muíños’ → ‘xema das patacas’, etc.

### Homonimia

É unha relación semántica moi similar á polisemia, pois consiste nun mesmo significante que posúe significados distintos, coa diferenza de que na homonimia cada significante procede etimoloxicamente de palabras diferentes. Como vimos, na polisemia un mesmo significado vai adquirindo ao longo da súa evolución histórica diversos significados relacionados semanticamente; pois ben, na homonimia, as palabras son orixinariamente distintas (en forma e significado) que van evolucionando co paso do tempo ata que coinciden foneticamente, pero non manteñen relación semántica porque seguen a ser distintas significativamente.

Por exemplo: *pena* é hoxe un significante que posúe dous significados (dor e rocha) que, en orixe, proveñen de dúas palabras distintas. Repara no seguinte:

Do latín POENA ('dor, castigo') deriva a palabra *pena*.


Do latín PENNA ('rocha') deriva a palabra *pena*.

Outro exemplo de homonimia atopámolo na palabra *queixo*:

Do latín CAPSEU ('con forma de caixa')

Do latín CASEU ('alimento sólido que se obtén como produto do leite callado')

Hoxe, de feito, *queixo* refírese á mandíbula inferior da cara (procedente de CAPSEU) e ao produto lácteo (procedente de CASEU).



→ Os homónimos poden ser *homófonos* ou *homógrafos*:

Son *homófonos* cando soan igual pero se escriben de distinto xeito. Por exemplo: *abano* / *habano*. Fíxate agora nestoutas dúas frases:

- Tira esa carne que xa ten **balor** ('fungo').
- Os bombeiros deron mostras de gran **valor** ('valentía').

Son *homógrafos* cando se pronuncian e escriben igual. Por exemplo: *cal* (latín QUALE) / *cal* (latín CALCE). Fíxate agora nas frases:

- Eu quero un **polo** ('xeado') con sabor a limón.
- Eu tomarei **polo** ('ave') asado con patacas.

Polisemia	Homonimia
<p style="text-align: center;">OCULU</p> <p style="text-align: center;">ollo</p> <pre>       /     \  \      /       \  \     /         \  \    /           \  \   /             \  \  da cara da agulla da ponte .....           </pre>	<p style="text-align: center;">CAPSEU                  CASEU</p> <pre>       /      \      /        \     /          \    /            \   /              \  queixo           </pre>

## 6. O cambio de significado. Tabú, eufemismo e disfemismo

Como sabes, as linguas evolucionan co paso do tempo. Desde o punto de vista léxico, aparecen novas palabras e outras caen en desuso; as palabras que se manteñen poden perder algún significado e outras poden recibir novos usos significativos.

Nesta materia, xa vimos os distintos procedementos que as linguas utilizan para crear novas palabras (procedementos internos, préstamos, abreviacións, etc.); neste apartado, realizaremos unha breve aproximación ás razóns polas que moitas das palabras existentes van variando o seu significado. Algúns dos factores que referiremos foron xa apuntados en apartados anteriores.

- O avance da técnica e da ciencia provoca que o significado das palabras tamén cambie, porque a técnica fai cambiar o referente ou obxecto designado: *coche* significaba hai séculos ‘carro tirado por cabalos’; coa introdución do motor, utilizouse despois para designar os ‘vehículos de motor para pasaxeiros e carga’, baixo a denominación de *coche de liña* (hoxe *autobús*) e de *coche de punto* (hoxe *taxi*); máis recentemente, o *coche* refírese de maneira xeral aos vehículos de catro rodas de tipo *turismo*.




© <http://dibujitosparaimprimir.blogspot.com/>

- O uso metafórico das palabras fai que estas en moitas ocasións acaben asentando novas acepcións ou significados. Por exemplo, cando dicimos dunha persoa que *é un lince*, estamos facendo un uso metafórico da lingua e contribuímos a que a palabra *lince* proporcione o significado de ‘persoa lista, fina ou aguda’. Outros recursos como a metonimia, antes definida, provocan que moitas palabras tamén adquiren novos significados. Por exemplo, cando escoitamos na linguaxe deportiva que “o *coiro* pasa rozando o *pau* ou a *madeira*”, interpretamos consciente ou inconscientemente esta metonimia; algo parecido ocorre cando *alma* toma o significado de ‘persoa formada por corpo e alma’ en expresións como *non había nin un alma no bar*.

- A lingua literaria e culta ampliou metaforicamente o significado de moitas palabras tomadas do léxico propio do mundo campesiño para que tomasen unha acepción nova e apropiada para a linguaxe científica e filosófica. Así, *eido*, na lingua coloquial e popular é un ‘terreo cultivado que circunda unha casa’ e na lingua científica ‘campo da actividade dunha ciencia, técnica ou actividade’, como no exemplo *destaca no eido da física*. Outro exemplo ofrécenolo a palabra *devasa* (‘camiño ou carreiro que se fai no monte, no campo ou na fraga, libre de vexetación, para evitar que se estendan os incendios’) para referirse modernamente aos programas que impiden ou limitan o acceso non desexado nunha rede de computadoras (en inglés, *firewall*).





- Unha palabra da lingua xeral pode adquirir un significado distinto nalgún ámbito restrinxido dunha ciencia ou actividade. Por exemplo, *compañía* toma significados distintos segundo se use no exército, na economía ou no teatro. No caso contrario, un significado propio dunha lingua especializada pode estenderse á lingua xeral: o *fóra de xogo* do fútbol indica na lingua xeral que alguén *quedou á marxe*, como vemos no exemplo *se non realizas cursos de actualización vaste ver fóra de xogo en nada*.
- Finalmente, existen outros fenómenos que fan xurdir novos significados no léxico existente nunha lingua: o *tabú* e o *eufemismo*, que veremos con máis detalle a continuación.

### O tabú e o eufemismo. O disfemismo

**Tabú** é unha palabra de orixe polinesio que significa 'prohibido, sagrado'. Aplícase a todas aquelas palabras que, por pudor, elegancia ou prexuízo social non se nomean. As palabras tabú son palabras consideradas vulgares, inoportunas ou con connotacións negativas, como por exemplo: *cu*, *defecar*, *ouriñar*, *vomit*, *paralítico*, *borracheira*, *cego*, *vello*, *morte*...

As palabras tabú son substituídas por outras palabras ou expresións que as atenúan ou encobren, denominadas **eufemismos**. Un eufemismo, pois, é unha palabra que se usa no canto doutra que se percibe malsoante ou dura porque designa unha realidade que socialmente se considera desagradable, fea ou mala.

Os eufemismos poden referirse a órganos ou funcións corporais, ou os elementos relacionados con estes, que poñen ao descuberto a intimidade do interlocutor: *traseiro*, *parte de atrás*, *nádegas*, *pandeiro*, etc. (para *cu*); *fac*, *necesidades*, *ir ao baño*, *botar augas*, *mollar a herba*, etc. (para *ouriñar*), *latrina*, *servizo*, *inodoro*, *aseo*, *baño*, *escusado*, *váter*, *peza* (para *retrete*), etc.

Poden *disfrazar* experiencias dolorosas: *falecer*, *finar*, *descansar en paz*, *deixar de sufrir*, *acordarse Deus de un*, etc. (para *morrer*), *doenza mortal* (por *cancro*), etc.

Adoitan utilizarse para substituír palabras que poidan provocar susceptibilidades, relacionadas coa realidade social, con connotacións racistas, sexistas, etc. Son moi frecuentes nas noticias de prensa e na publicidade: *transeúntes*, *mendigos*, *indixentes*, etc. (para *pobres*); *chea*, *mona*, *trompa*,

*bebedeira*, etc. (para *borracho*); *discapacitado*, *impedido*, *deficiente motórico*, etc. (para *paralítico*); *invidente*, *deficiente visual*, *discapacitado sensorial*, etc. (para cego), etc.

Feitos ou accións impopulares: *reaxustamento de tarifas*, *revisión do mercado* (para *suba de prezo*), *cesamento laboral* ou *expedientes de regulación de emprego* (por despedimento), etc.

Hai palabras que nalgúns lugares de Galicia teñen un significado “máxico” e que, polo único feito de pronunciarse, pénsase que pode traer desgraza. Exemplos:

- *Demo* é substituído por *maligno*, *perello*, *demoro*, *demontre*, *dencho*, *diantre*, *deño*...
- *Lobo* por *lobicán*, *pardiño*, *perico*...
- *Cobra* por *bicha*, *bichorro*...

O **disfemismo** é a palabra que alude a unha realidade desagradable coa intención de volvela aínda máis dura. Prodúcese unha distorsión que procura, en moitas ocasións, acentuar o impacto con finalidade didáctica: o *cárcere*, así, pasa a ser o *caldeiro*, a *rateira*, etc.